



Teaching Guide				
Identifying Data				2020/21
Subject (*)	Community Nursing II	Code	750G01019	
Study programme	Grao en Enfermaría			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatory	6
Language	Galician			
Teaching method	Hybrid			
Prerequisites				
Department	Ciencias da Saúde			
Coordinador	Couselo Fernández, Ignacio	E-mail	i.couselof@udc.es	
Lecturers	Couselo Fernández, Ignacio	E-mail	i.couselof@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
General description	<p>Asignatura dirixida a dar continuidade ao aprendido na materia Enfermaría comunitaria I, levándoa a un nivel maior de profundidade e especialización. Nesta materia desenvolverase a estrutura do sistema sanitario no que acontece o traballo dos enfermeiros comunitarios, e abordaranse os principais e máis actuais retos da saúde pública e a atención primaria en pos de unha atención comunitaria baseada no empoderamento persoal e comunitario onde sexan os propios cidadáns os que lideren o futuro dos cuidados que queren recibir no ámbito da comunidade.</p>			
Contingency plan	<p>1. Modifications to the contents</p> <p>2. Methodologies</p> <p>*Teaching methodologies that are maintained</p> <p>*Teaching methodologies that are modified</p> <p>3. Mechanisms for personalized attention to students</p> <p>4. Modifications in the evaluation</p> <p>*Evaluation observations:</p> <p>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A26	Capacidade para describir os fundamentos do nivel primario de saúde e as actividades a desenvolver para proporcionar un coidado integral de enfermaría ao individuo, a familia e comunidade.
A27	Comprender a función e actividades e actitude cooperativa que o profesional desenvolverá nun equipo de Atención Primaria de Saúde.
A28	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A33	Educación, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de análise e sínteses.



B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B18	Desenvolver a capacidade de liderado.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Descibir o concepto, fundamentos e desenvolvemento da atención primaria de saúde	A26	B1 B3 B8	C1 C7
Definir o concepto de traballo no equipo de saúde, os principios que o determinan e identificando o rol da enfermeira/o comunitaria.	A27	B1 B3 B6 B11 B12 B13 B18 B22	C1 C4 C6 C7 C10 C11
Identificar as necesidades de coidado da persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1 B6 B11 B16	C1 C4 C6 C10
Identificar problemas de saúde (diagnósticos de enfermaría e/o complicacións potenciais) na persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1 B3 B8 B11 B13 B18 B20 B24	C1 C4 C6



Planificar cuidados de enfermaría para os problemas de saúde das persoas, grupos y comunidades	A28 A29 A30 A33	B3 B6 B8 B11 B12 B13 B16 B20 B24	C1 C4 C6 C7 C10 C12
Identificar e desenvolver as diferentes fases dos programas de prevención, promoción e educación para a saúde	A26 A27 A28 A29 A30 A33	B1 B3 B6 B8 B12 B13 B16 B20 B22 B24	C1 C4 C6 C7 C11 C12

Contents	
Topic	Sub-topic
Atención Primaria de saúde e saúde comunitaria	<p>Tema 1. Atención Primaria de Saúde</p> <p>1.1 Definición de Atención Primaria. Evolución Histórica.</p> <p>1.2 Estrutura e Organización da Atención Primaria en España e en Galicia.</p> <p>1.3 A comunidade como obxectivo da Atención Primaria.</p> <p>1.4 As intervencións comunitarias.</p> <p>1.5 Modelo de Atención Primaria Orientada á Comunidade (APOC).</p>
Equipo interdisciplinario de saúde	<p>Tema 2. O equipo de saúde.</p> <p>Composición, funcións do equipo e actividades. A enfermeira no Equipo de Atención Primaria</p>



<p>Enfermería Familiar e comunitaria</p>	<p>Tema 3. Os coidados de enfermaría no nivel primario de saúde.</p> <p>3.1 Definición de atención familiar e comunitaria. A enfermeira especialista en atención familiar e comunitaria: competencias. Situación actual.</p> <p>3.2 Modelos organizativos do traballo da Enfermeira Comunitaria.</p> <p>3.3 Modalidades de atención de enfermaría familiar e comunitaria: consulta de enfermaría. Instrumentos de atención directa: entrevista clínica, entrevista motivacional.</p> <p>3.4 Calidade en Atención Primaria de Saúde e en Enfermería Comunitaria.</p> <p>3.5 A familia como unidade básica de atención de enfermaría.</p> <p>3.6 Atención Domiciliaria. Características. Etapas da atención domiciliaria.</p>
<p>Atención de Enfermería nos problemas de saúde prevalentes na comunidade</p>	<p>Tema 4. Atención de enfermaría nas diferentes etapas do ciclo vital</p> <p>4.1 Concepto de plan de saúde. Etapas dun plan de saúde. Concepto de programa de saúde. Metodoloxía da programación de saúde.</p> <p>4.2 Participación da enfermaría familiar e comunitaria nos distintos programas e procesos de saúde.</p> <p>4.3 Programa de Atención á Saúde Infantil, do Escolar e Adolescente.</p> <p>4.4 Programa de atención á Muller.</p> <p>4.5 Programa de Atención ao adulto. Programa galego de vacinación ao adulto</p> <p>4.6 Programa de Atención ao ancián e ao Enfermo Terminal</p> <p>4.7 Procesos e subprocesos de enfermaría na atención integrada dos problemas de saúde prevalentes na comunidade. Atención de enfermaría na Hipertensión Arterial.</p> <p>4.8 Atención de enfermaría na Diabetes Mellitus. Coidados de enfermaría ante o pé diabético.</p> <p>4.9 Atención de Enfermería no paciente con EPOC. Espirometrías.</p> <p>4.10 Coidados de enfermaría ao paciente con úlceras e feridas</p>



Educación para a saúde	<p>Tema 5. A educación sanitaria na comunidade.</p> <p>5.1 Concepto de Educación para a saúde. Obxectivos. Axentes.</p> <p>5.2 Métodos e técnicas didácticas na educación sanitaria.</p> <p>5.3 A Comunicación e a Educación para a Saúde.</p>
------------------------	--

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B6 B11 B20 B24 C1 C4 C6 C7	21	42	63
Collaborative learning	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	8	18	26
Workbook	A29 A30 B8 B11 B16 C6	3	2	5
Workshop	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	10	20	30
Mixed objective/subjective test	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	2	24	26
Personalized attention		0	0	0

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Sesións para introducir ao alumnado nos temas novos de cada bloque temático, esclarecer conceptos e sobre todo para significar o contido do bloque en relación ao aprendido na materia Enfermería Comunitaria I.
Collaborative learning	Resolución de problemas ou desenvolvemento de tarefas de modo colaborativo, non só sumando talento individual, se non aprendendo a construír un grupo con capacidade para resolver problemas e ofrecer respostas creativas ante os novos escenarios sociais que poidan atopar.
Workbook	Lectura de literatura científica recente, ou de documentos de traballo que poden ser de interese para a actualización do alumnado ou para a mellora das competencias esperadas, pero que non se atopan habitualmente nos libros de referencia sobre a materia.
Workshop	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Mixed objective/subjective test	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acada os obxetivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc...

Personalized attention	
Methodologies	Description
Workshop Collaborative learning	Atención persoalizada a demanda do alumno, coa finalidade de esclarecerlle dúbidas en torno aos contidos da materia ou calquer problema que lle poida dificultar a comprensión ou o seguimento da materia.



Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	Proba escrita de composición mixta dirixida a avaliar o logro dos obxectivos propostos na materia.	40
Workshop	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	Traballo dirixido a que o alumnado obteña destrezas resolutivas en situacións similares ás que atopará na práctica asistencial como enfermeiro comunitario. A asistencia e participación activa na aula a través do obradoiro é obrigatoria. Valorase de forma individual.	30
Collaborative learning	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	É un traballo de grupo obrigatorio no que se presentan ao alumnado tarefas para solucionar en conxunto. A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo é obrigatoria. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral.	30

Assessment comments

A metodoloxía de avaliación descrita é obrigatoria para o alumnado de matrícula ordinaria en primeira oportunidade (xuño). Para superar a materia é necesario aprobar a proba tipo mixto (a puntuación mínima para superar a proba será de 5). O alumnado que concorran á segunda oportunidade (xullo) poderán escoller o mesmo sistema de avaliación ou o de exame único: a) Se opta polo mesmo sistema de avaliación que en xuño, excepcionalmente e só durante este curso académico, poderá conservar a nota da parte que tivese aprobada -se fose o caso- na oportunidade de xuño. b) Se opta polo sistema de exame único, deberá solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación. Nese caso o exame contará con dúas preguntas adicionais relativas ás materias traballadas mediante o obradoiro realizado ao longo do curso. O alumnado con matrícula a tempo parcial poden acollerse ao sistema de avaliación de exame único tanto na convocatoria de xuño como na de xullo, debendo solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación. A cualificación de Matrícula de Honra poderán obtela o alumnado que puntúen polo menos un 9, con preferencia para as cualificacións de 10. O profesor poderá dirimir quen obtén esta cualificación utilizando a tal fin o contido do exame e dos obradoiros. En caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas, o profesor pode convocar aos alumnos/- as aspirantes para a realización dunha proba voluntaria que dirimirá quen obtén a cualificación MH ata o máximo de matrículas permitido.

Calificación de No Apto: poñerase cando o estudantado non se presente á proba obxectiva de coñecementos.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Martínez Riera JR, Del Pino Casado R. (2013). Manual práctico de Enfermería Comunitaria. Barcelona, Elsevier - Martín Zurro A, Cano Pérez J.F. (2014). Atención Primaria. Barcelona, Elsevier - Ayuso Murillo D, Tejedor L, Serrano A (2015). Enfermería Familiar y Comunitaria. Madrid, Díaz de Santos - Bulechek Gloria, Butcher Howar (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona, Elsevier - Organización Mundial de la Salud (1999). Salud 21. Ministerio de Sanidad y Consumo. - Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. . Jaen: Formación Alcalá - Moorhead Sue, Johnson Marion (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NOC). Barcelona, Elsevier - Johnson Marion, Bulechek Gloria (2011). Interrelaciones NANDA NOC Y NIC. Barcelona, Elsevier - Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera. Junta de Andalucía, Consejería de Cultura - Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier - Herdman, TH (2015). NANDA International (2014). Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2015-2017. Barcelona: Elsevier - (). www.fisterra.com/. - (). www.sergas.es/. - (). www.agefec.org/web.
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Community Nursing I/750G01014

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais; Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.